

# O enterro prematuro

Edgar Allan Poe

Tradución de Servando Doval



# Poe, Edgar Allan

## O enterro prematuro

Versión galega de Servando Doval

Algúns temas presentan un interese absorbente, pero resultan espantosos de máis para se converter en obxecto dun relato de ficción. Os escritores románticos deben evitalos para non ofender ou desagradar. Só se tratan axeitadamente cando a verdade, severa e maxestosa, os santifica e confirma. Estremecemos, por exemplo, coa máis intensa "dor agradable" ante o relato do Paso de Beresina, do Terremoto de Lisboa, da Peste de Londres, a matanza de San Bartolomeo, ou da morte por asfixia dos cento vintetrés prisioneiros no Buraco Negro de Calcuta. Mais nestes relatos o que nos sobrecolle é o feito, a realidade, a historia. Como invencións, pareceríannos detestables.

Acabo de citar algunhas das calamidades máis destacadas e augustas das que hai constancia; pero nelas, o alcance da calamidade, non menos có seu carácter, é o que queda gravado tan vivamente na imaxinación. Non preciso lembrarlle ó lector que, do longo e misterioso catálogo de miserias humanas, podería seleccionar moitos casos individuais máis cheos de sufrimento esencial ca calquera destes enormes desastres. De feito, a auténtica desgracia, a aflicción definitiva é concreta, non difusa. ¡Demos gracias a Deus misericordioso por que os espantosos extremos da agonía só fagan sufrir ó home como individuo e nunca en masa!

Ser enterrado vivo é, sen lugar a dúbidas, o máis terrorífico destes extremos que poidan sucederlle á maior parte dos mortais. Ninguén no seu xuízo poderá negar que ten sucedido a miúdo, moi a miúdo. As fronteiras que separan a vida da morte son, no mellor dos casos, escuras e vagas. ¿Quen podería dicir ónde termina unha e onde empeza a outra? Sabemos que hai doenzas nas que chega a cesar toda aparencia de vida, mesmo se ese cesamento non é máis ca unha suspensión, que é como se debe chamar. Son só pausas temporais dun incompreensible mecanismo. Pasado un certo tempo, algún misterioso e invisible principio volve a poñer en movemento os engraxes máxicos e as rodas feiticeiras. A corda de prata non se soltou para sempre, nin a cunca de ouro rompeu irremediabilmente. Pero, entremetres, ¿onde fica a alma?

Con todo, á marxe da inevitable conclusión *a priori* de que tales causas han producir tales efectos, de que casos ben coñecidos de vida en suspenso motivan naturalmente, e de cando en vez, enterramentos prematuros...; á marxe desta consideración, temos o testemuño directo da experiencia médica e do vulgo que demostra que realmente se producen numerosos enterros deste tipo. Podería referir agora mesmo, de ser preciso, centos de exemplos ben probados. Un de características extraordinarias, que se cadra permanecen aínda frescas na memoria dalgún dos meus lectores, ocorreu non hai moito na veciña cidade de Baltimore, onde ocasionou unha conmoción intensa e dolorosa que se estendeu amplamente. A muller dun dos cidadáns máis respectables, un eminente avogado e congresista, caeu vítima dunha enfermidade repentina e inexplicable que desconcertou por completo ós seus médicos. Despois dun longo sufrimento, morreu, ou polo menos iso semellaba. De feito, ninguén sospeitou ou tivo razóns para sospeitar que non estaba realmente morta. O seu rostro adoptara o habitual aspecto adusto e sombrío. Os beizos presentaban a típica palidez marmórea. Os ollos estaban apagados. Non había calor. Detivéranse as súas pulsacións. Durante tres días o corpo estivo sen soterrar, e nese período adquiriu unha rixidez pétreas. En resumo: o funeral adiantouse por mor do rápido avance da suposta descomposición.

A muller foi depositada no seu panteón familiar, que permaneceu pechado durante os tres anos seguintes. Unha vez pasado este tempo, abriuse para recibir un sarcófago, mais, ¡ai!, ¡que terrible impresión agardaba ó marido, que foi quen abriera a porta! Ó empurra-los portóns, un obxecto ataviado de branco caeu de súpeto nos seus brazos. Era o esqueleto da súa muller, co sudario aínda posto.

Unha coidadosa investigación demostrou que ela revivira dous días despois de ser soterrada; e a súa loita no interior do cadaleito provocara que este caese da repisa ou andel ó chan, e ó escacha-lo féretro puido saír. A lámpada chea de aceite que deixaran accidentalmente dentro do panteón estaba baleira; con todo, probablemente se esgotara por evaporación. Nos chanzos superiores da escaleira que levaba á espantosa

cripta había un fragmento grande do cadaleito, co cal a muller, polo visto, tentara chama-la atención golpeando a porta de ferro. Mentres facía isto, probablemente se desmaiara ou quizais morrese aterrorizada. Na caída, o sudario enredárase nalgunha ferraxe que sobresaía. Alí ficara e podrecera, erguida.

No ano 1810 deuse en Francia o caso dunha inhumación prematura, en circunstancias que contribúen a xustifica-la afirmación de que a verdade é, de feito, máis estraña cá ficción. A heroína da historia era unha tal Mademoiselle Victorine Lafourcade, unha rapaza de familia ilustre, rica e de grande beleza. Entre os seus numerosos pretendentes atopábase Julien Bossuet, un pobre literato ou xornalista de París. O seu talento e amabilidade fixéranlo merecedor da atención da herdeira, que seica se namorara del perdidamente; mais a súa liñaxe levouna a rexeitalo finalmente e casar con Monsieur Renelle, un banqueiro e diplomático de certa eminencia. Con todo, unha vez casados, este cabaleiro non coidou dela, chegando quizais a maltratala. Despois dalgúns desgraciados anos xuntos, ela finou; polo menos o seu estado semellaba tanto o dun morto que enganara a todos cantos a viran. Foi enterrada, non nun panteón, senón nunha tumba normal e corrente, na súa vila natal. Cheo de desesperación e aínda inflamado pola lembranza do seu profundo cariño, o amante viaxou dende a capital á remota provincia na que estaba a pequena vila, co romántico propósito de desenterra-lo corpo e apoderarse dos seus exuberantes cabelos. Chegou á tumba. A media noite desenterrou o ataúde, abriuno e, cando ía corta-los cabelos, detívose cando a súa amada abría os ollos. En realidade, a señora fora soterrada viva. Os seus signos vitais aínda non desapareceran completamente e as caricias do seu amante despertárona do letargo que fora interpretado como morte. Desesperado, levouna á súa hospedaxe na vila. Empregou uns poderosos reconstituíntes, seguindo os seus coñecementos médicos, que non eran poucos. Ó fin, ela reviviu. Recoñeceu o seu salvador. Permaneceu onda el ata que, paseniño, chegou a recupera-la saúde. O seu corazón non era tan duro, e esta última lección de amor abondou para abrandalo. Entregoullo a Bossuet. Non volveu co seu marido e, ocultándolle a súa resurrección, fuxiu co seu namorado a América. Vinte anos despois, volveron a Francia crendo que o tempo cambiara tanto o aspecto da muller que os seus amigos non serían capaces de recoñecela. Sen embargo, andaban errados, xa que no primeiro encontro Monsieur Renelle recoñeceu a súa muller e reclamouna. Ela rexeitou a reclamación e un tribunal de xustiza deulle a razón, decidindo que as peculiares circunstancias e o longo tempo transcorrido anularan, tanto lexítima como legalmente, a autoridade do home.

A *Revista de Cirurxía* de Leipzig, unha publicación de gran autoridade e mérito, que algúns editores estadounidenses farían ben en traducila e publicala, relata nun dos últimos números un destes acontecementos, particularmente angustioso.

Un oficial de artillería, home de grande estatura e saúde de ferro, recibiu unha grave contusión na cabeza ó caer dun cabalo desbocado que o deixou de contado sen coñecemento; o cranio estaba lixeiramente fracturado, pero non se percibiu ningún perigo inmediato. Practicáronlle con éxito unha trepanación. Aplicáronlle unha sangría e adoptaron tamén outros moitos métodos de reanimación habituais. Con todo, foi caendo gradualmente nun estado de sopor cada vez máis grave ata que, finalmente, o deron por morto.

Ía calor, así que o enterraron cunha présa nada decorosa nun cemiterio público. O seu funeral tivo lugar un xoves. O domingo seguinte, como de costume, o cemiterio estaba cheo de visitantes; cara ó mediodía formouse unha grande axitación cando un labrego declarou que, mentres sentaba sobre a tumba do oficial, sentira claramente un movemento na terra, coma se alguén estivese a loitar embaixo. Ó principio non lle prestaron moita atención ás palabras daquel home; pero o seu terror evidente e a tenaz obstinación coa que insistía na súa historia produciron, ó fin, o efecto na multitude que era de esperar. Algúns procuraron de inmediato unhas pas e a tumba, de profundidade vergoñosamente escasa, foi aberta en poucos minutos, deixando ó descuberto a cabeza do seu ocupante. Daba a impresión de estar morto, pero aparecía case sentado no cadaleito, cuxa tapa o home levantara parcialmente na súa loita desesperada.

Levárono de contado ó hospital máis próximo, onde dixeron que aínda estaba vivo, pero en estado de asfixia. Despois de varias horas recobrou o sentido, recoñeceu algúns dos seus familiares e, con frases entrecortadas, falou da súa agonía dentro da sepultura.

Polo que contaba, estaba claro que, antes de perde-lo sentido, estivera consciente durante máis dunha hora dentro do cadaleito. Cubriran a tumba con descoído, cunha terra moi porosa e sen apertar, polo que entraba un chisco de aire. Sentía os pasos da multitude por riba súa e tentou facerse oír. Se cadra fora o balbordo da xente que había no cemiterio, dixo, o que o despertara dun profundo sono, pero ó despertar decatouse asemade de que a súa situación era terrible.

Este paciente, segundo se di, ía mellorando e parecía encamiñado a recobrase totalmente, pero foi vítima da leria dos experimentos médicos. Aplicóuselle a batería galvánica e expirou de súpeto nun deses

paroxismos estáticos que ocorren ás veces.

Con todo, a mención da batería galvánica tráeme á memoria un caso ben coñecido e extraordinario, no que a súa acción permitiu devolve-la vida a un avogado novo de Londres, que estivera enterrado durante dous días. Ocorreu en 1831 e causou naquel tempo unha fonda sensación onde queira que fose tema de conversa.

O paciente, o señor Edward Stapleton, morrera, aparentemente, da febre do tifo, acompañada por algúns síntomas anómalos que espertaran a curiosidade dos seus médicos. Despois do seu presunto falecemento, pedíronlle ós seus amigos autorización para un exame *post-mortem*, pero non o permitiron. Como adoita ocorrer con estas negativas, os médicos decidiron desenterrar en segredo o corpo, para despois diseccionalo en privado. Chegaron facilmente a un acordo con algunha das numerosas sociedades de ladróns de cadáveres que abundan en Londres; a terceira noite despois do funeral, o suposto cadáver foi desenterrado dunha tumba de 240 cm de profundidade e depositado posteriormente na sala de operacións dun dos hospitais privados.

Practicóuselle unha incisión de certa lonxitude no abdome. O aspecto fresco e incorrupto do suxeito facía recomendable o uso da batería. Un experimento seguiu a outro e producíronse os efectos de costume, sen nada de particular, agás unha aparencia de vida maior que a común en certa acción convulsiva, nunha ou dúas ocasións.

Facíase tarde. Era case o amencer e creron oportuno, finalmente, proceder de contado á disección. Un estudante, con todo, quixo probar unha teoría propia e insistiu en aplica-la batería a un dos músculos pectorais. Fíxose unha ruda incisión e, precipitadamente, aplicóuselle a batería; entón o paciente, cun movemento rápido pero sen convulsión, ergueuse da mesa, andou ata o centro da habitación, mirouse de xeito intranquilo durante uns segundos e entón... falou. O que dicía era inintelixible; pero pronunciou palabras; distinguíase o silabeo. Cando acabou de falar, caeu pesadamente ó chan.

Durante uns intres todos ficaron paralizados co medo, pero a urxencia do caso devolveulles axiña a serenidade. Viuse que o señor Stapleton estaba vivo, inda que desmaiado. Logo de administrarlle éter reviviu e rapidamente recobrou a saúde e a compañía dos seus amigos, ós que se lle ocultou, sen embargo, toda información acerca da súa resurrección ata que se desestimou unha posible recaída. Xa se poden imaxina-lo seu asombro, a súa extasiada estupefacción.

Con todo, o dato máis conmovedor deste incidente deuno o mesmo señor Stapleton. Declarou que en ningún momento perdera o coñecemento, que, dun xeito débil e confuso, fora consciente de todo o que lle ocorrera desde que fora declarado morto polos médicos ata o momento en que caera ó chan no hospital. "Estou vivo", foran as incomprendibles palabras que tentara pronunciar cando recoñecera que estaba na sala de disección.

Sería doado multiplicar historias coma estas, pero abstéñome porque, de feito, non son necesarias para demostrar que os enterramentos prematuros ocorren. Cando reflexionamos sobre as poucas veces en que, pola natureza deste fenómeno, somos capaces de detectalos, temos que admitir que ocorren probablemente máis a miúdo do que pensamos, sen chegar a sabelo. En realidade, case nunca se ten removido boa parte dun cemiterio, pola razón que sexa, sen que se atopasen esqueletos en posturas que suxerisen as máis horrorosas sospeitas.

¡A sospeita é terrible..., pero máis terrible é o destino! Pódese afirmar, sen dúbida, que ningún outro acontecemento é tan horriblemente axeitado para inspira-lo máis alto grao de dor física e mental coma o enterramento antes da morte. A presión insoportable dos pulmóns, as emanacións abafantes da terra húmida, as cinguidas prendas fúnebres, o ríxido abrazo da morada estreita, a escuridade da noite absoluta, o silencio coma un mar que o inunda todo, a invisible mais palpable presenza do verme conquistador. Estas cousas, xunto cos desexos do aire e a herba de enriba, coa lembranza de amigos queridos que voarían para salvarnos se soubesen do noso destino, e a conciencia de que nunca poderán sabelo, que a nosa fortuna é a dos realmente mortos; estas consideracións, digo, levan o corazón, que aínda palpita, a un grao de horror espantoso e intolerable ante o que a imaxinación máis ousada retrocedería. Non coñecemos nada tan angustiante na Terra, non podemos imaxinar nada tan horrible no reino do inferno máis fondo. Así, todos os relatos sobre este tema teñen un profundo interese; un interese que, con todo, e por mor do propio terror sagrado do devandito tema, depende, especificamente, de que nós creamos o feito narrado. O que vou contar de seguido procede do meu propio coñecemento, da miña experiencia auténtica e persoal.

Durante algúns anos padecín ataques dese trastorno peculiar ó que os médicos deron en chamar catalepsia, a falta dun nome que o definise mellor. Aínda que tanto as causas inmediatas da súa orixe coma o diagnóstico real desta enfermidade seguen a ser un misterio, o seu carácter obvio e manifesto é ben coñecido. As súas variacións parecen ser principalmente de grao. Algunhas veces o paciente xace tan só por un día, ou aínda menos, nunha especie de letargo esaxerado. Está inconsciente e completamente inmóbil, mais as pulsacións do corazón seguen sendo lixeiramente perceptibles; quedan algúns indicios de calor; unha lixeira cor persiste nas fazulas; e, ó aplicar un espello sobre os beizos, podemos detectar unha acción dos pulmóns torpe, desigual e vacilante. Noutros casos, a duración do tronso pode ser de semanas e mesmo meses, sen que o exame máis minucioso e as máis rigorosas probas médicas dean establecido unha diferenza material entre o estado do enfermo e o que concibimos como morte absoluta. Moi a miúdo é salvado dun enterramento prematuro tan só porque os seus amigos xa eran coñecedores da súa catalepsia e pola concorrente sospeita, provocada sobre todo pola ausencia de corrupción. Por sorte, a enfermidade avanza gradualmente. As primeiras manifestacións, aínda que marcadas, son inequívocas. Os ataques fanse cada vez máis distintivos e cada un dura máis có anterior. Este é o seguro máis importante para evita-la inhumación. O desafortunado que tivese un primeiro ataque de carácter grave, cousa que ocorre ás veces, sería enviado vivo ó nicho de xeito case irremediable.

O meu propio caso non se diferenciaba excesivamente daqueles que se citan nos libros de medicina. Ás veces caía, sen causa aparente e pouco e pouco, nun estado de semisíncope ou medio desmaio. Nese estado, sen dor, sen poder moverme, falar ou pensar, pero cunha confusa e letárxica consciencia de vida e da presenza daqueles que rodeaban a miña cama, permanecía ata que a crise da miña enfermidade me devolvía, de socato, o coñecemento. Outras veces o ataque era rápido e fulminante. Sentíame enfermo, paralizado, atarecido e mareado, e así caía prostrado de seguido. Entón, durante semanas todo estaba baleiro, negro, silencioso, e a Nada volvíase universo. A aniquilación total non podía ser maior. Mais destes últimos ataques espertaba máis a modo, en relación coa rapidez do ataque. Así como amence o día para o mendigo que, sen amigos e sen casa, vaga polas rúas a través da longa e desolada noite de inverno, así volvía a min a luz da Alma, tan tardía, tan cansa, tan alegre.

Con todo, á marxe da miña tendencia ó tronso, a miña saúde parecía ser boa; de feito, non me daría decatado de que sufría esta enfermidade se non fose por que unha particularidade do meu sono estaba provocada por ela. Cando espertaba, nunca daba recobrado totalmente o control dos meus sentidos e sempre ficaba, durante uns minutos, atordado e perplexo, coas miñas facultades mentais en xeral e a memoria en especial en absoluto suspenso.

En tódolos meus padecementos non había sufrimento físico, senón unha infinita angustia moral. A miña imaxinación tornábase macabra. Falaba "de vermes, de sepulturas, de epitafios". Estaba obsesionado pola morte, e a idea dun enterramento prematuro torturaba a miña mente. O espantoso perigo ó que estaba exposto perseguíame día e noite. Polo día, a tortura da meditación era excesiva; pola noite, suprema. Cando a lúgubre escuridade se estendía sobre a terra, entón, vítima dos máis horrorosos pensamentos, tremía, aterrecía como os trémulos penachos no coche fúnebre. Cando a propia natureza xa non podía aturalo insomnio, comezaba a miña loita para non me quedar durmido, pois aterrecía só con pensar que, ó espertar, podía se-lo inquilino dunha tumba. E cando, finalmente, caía preso do sono, era só para precipitarme de contado nun mundo de pantasma, sobre as que se cernía, con ás grandes, negras e tenebrosas, a única e predominante idea sepulcral.

De entre as innumerables imaxes ominosas que oprimían os meus soños, escollín para este relato unha soa visión. Soñei que caera nun tronso cataléptico de maior duración e profundidade da normal. De súpeto, unha man xélida posouse na miña fronte e unha voz impaciente e farfallante murmuroume ó oído:

¾ ¡Érguete!

Incorporeime. A escuridade era total. Non podía ve-la figura daquel que me espertara. Tampouco podía lembrar nin a data en que caera no tronso nin o lugar no que entón xacía. Mentres ficaba inmóbil, tentando ordena-los meus pensamentos, a man fría colleume con forza polo pulso, movéndomo con mal humor, mentres a voz farfallante dicía de novo:

¾ ¡Érguete! ¿Non che dixen que te ergueras?

¾ ¿E quen es ti? ¾ preguntei.

¾ Non teño nome nas rexións onde habito ¾ contestou a voz tristemente ¾ ; fun mortal, mais son demo.

Son desapiadado, pero digno de mágoa. Xa ves que estarrezo. Bátenme os dentes ó falar, pero non polo frío da noite, da noite eterna. Este horror é insoportable. ¿Como podes ti durmir tranquilamente? Os berros destas grandes agonías non me deixan descansar. Estas visións son máis do que podo aturar. ¡Érguete! Vén comigo á noite exterior e déixame desvelar o interior das tumbas. ¿Non é un espectáculo de dor ? ¡Mira!

Así o fixen; a figura invisible, que aínda me agarraba do pulso, fixo abri-las tumbas da humanidade enteira. De cada unha delas saía o tenue resplandor fosfórico da descomposición; de xeito que puideron ver-los recunchos máis secretos e ollar-los corpos amortallados nos seus soños tristes e solemnes co verme. Mais, ¡ai de min!, os que realmente durmían, aínda sendo millóns, eran moitos menos cós que non durmían en absoluto, e había unha débil loita, e había unha inquietude xeral e triste, e das profundidades dos innumerables pozos xurdía un murmurio melancólico que saía das vestiduras dos soterrados. E, daqueles que semellaban descansar tranquilos, vin que moitos cambiaran, en maior ou menor grao, a ríxida e incómoda posición na que foran enterrados nun principio. E a voz falou de novo mentres eu os fitaba:

¾ ¿Non é... ¡ouh!... seica non é unha visión penosa?

Pero, antes de atopar-las palabras coas que lle contestar, a figura deixou de agarrarme o pulso, as luces fosfóricas apagáronse, e as tumbas pecharon con inesperada violencia, mentres delas saía un balbordo de berros desesperados, repetindo:

¾ ¿Non é, ¡ouh Deus !, non é unha visión penosa?

Fantasías coma estas presentábanse pola noite e estendían a súa influencia terrorífica nas miñas horas de vixilia. Os meus nervios trastornáronse por completo e sentíame preso dun horror perpetuo. Xa non me atrevía a montar a cabalo, pasear ou facer calquera clase de exercicio que me afastase da casa. De feito, non me sentía seguro lonxe daqueles que coñecían a miña propensión á catalepsia, por medo a ser enterrado antes de que se decatase do meu estado auténtico se me daba un dos meus ataques. Dubidaba do coidado e a fidelidade dos meus amigos máis queridos. Temía que, nalgún tronso de maior duración da acostumada, se convencesen de que xa non había remedio. Non só iso, senón que mesmo tiña medo de que, como ocasionaba moitos problemas, considerasen calquera ataque moi prolongado como excusa dabondo para se libren de min para sempre. Tentaban en vano acougar-me coas máis solemnes promesas. Esixinlles, cos xuramentos máis sagrados, que me non enterrasen en ningunha circunstancia ata que a descomposición estivese materialmente tan avanzada que fose imposible preservarme por máis tempo. E, mesmo así, os meus terrores mortais non atendían a razóns, non aceptaban consolo. Comecei a tomar unha serie de sofisticadas precaucións. Entre outras cousas, fixen remodela-lo panteón familiar para que se puidese abrir facilmente dende o interior. Tan só unha lixeira presión sobre unha longa panca que se estendía ata o interior da cripta abriría as portas de ferro. Dispúxena para que entrasen aire e luz e tivese recipientes con comida e auga ben cerca por se saía. O ataúde, acolchado de xeito cálido e suave, fora dotado dunha tapa que seguía o mesmo sistema cá porta do panteón, incluíndo resortes para lograr que o máis lixeiro movemento do corpo abondase para abri-lo. Aparte de todo isto, penduraba do teito da tumba unha grande campá; a súa corda estaba deseñada para pasar por un burato no ataúde e atala a unha das mans do cadáver. Pero, ¡ai! ¿de que vale a precaución contra o destino do home? ¡Nin sequera estas arteiras medidas abondan para salvar a un desgraciado condenado de antemán ás agonías máis extremas da inhumación en vida!

Chegou unha época, como ocorrera antes a miúdo, na que me atopaba pasando dunha total inconsciencia a unha inicial sensación de existencia feble e indefinida. Lentamente, a paso de tartaruga, achegábase o pálido amencer do día psíquico. Un desacougo aletargado. Unha apática resistencia á dor xorda. Ningunha preocupación, ningunha esperanza, ningún esforzo. Entón, despois dun longo intervalo, un asubío nos oídos; posteriormente, tras un lapso inda máis longo, unha sensación de comechón ou desacougo nas extremidades; despois un período aparentemente eterno de quietude pracenteira, durante o cal as sensacións que espertan loitan por se converter en pensamentos; máis tarde, outro breve mergullo na nada; logo, un súpeto restablecemento. Ó final, un lixeiro estremecemento da pálpebra e, inmediatamente despois, un choque eléctrico de terror, mortal e indefinido, que manda o sangue a burbullóns dende as tempas ó corazón. E entón, o primeiro verdadeiro esforzo por pensar. E despois o primeiro esforzo por lembrar. E entón un éxito parcial e evanescente. E entón a memoria recobra tanto o seu dominio, que, dalgún xeito, son consciente do meu estado. Sinto que non estou espertando dun sono usual. Lembro que sufrín un ataque de catalepsia. E entón, ó fin, como pola acometida dun océano, o meu estremecido espírito é esmagado polo horrible perigo, pola única e sempre predominante idea espectral.

Algúns minutos despois de que esta fantasía me posuíse, fiquei inmóbil. ¿E por que? Non daba reunido o

valor para moverme. Non me atrevía a face-lo esforzo que me convencería do meu destino e seguía a haber algo no meu corazón que me susurraba que era seguro. A desesperación, tal como ningunha outra clase de desgracia o consegue, só a desesperación me moveu, despois dunha profunda indecisión, a ergue-las pesadas pálpebras dos meus ollos. Erguinas. Estaba escuro, todo escuro. Souben que o ataque rematara. Souben que pasara a crise do meu trastorno. Souben que recobraría por completo as miñas facultades visuais e, con todo, aínda estaba escuro, todo escuro, a intensa e total falta de luz da noite que dura por sempre.

Tentei berrar; os meus beizos e a miña lingua seca movéronse convulsivamente, pero non saíu ningunha voz dos meus cavernosos pulmóns que, oprimidos como polo peso dunha montaña, respiraban con dificultade e latexaban, co corazón, a cada custosa e difícil inspiración.

O movemento das mandíbulas, no seu esforzo por berrar, mostroume que estaban atadas, como se fai habitualmente cos mortos. Sentín tamén que xacía sobre una materia dura e os meus costados estaban tamén comprimidos por algo semellante. Ata entón non me atvera a mover ningún dos meus membros, pero daquela erguín violentamente os brazos, que estaban estirados e cos pulsos cruzados. Bateron contra un material sólido e de madeira que se estendía por riba de min, a unha altura de non máis de quince centímetros da miña cara. Xa non cabía dúbida: atopábame dentro dun ataúde.

E entón, no medio das miñas infinitas desgrazas, a esperanza anxelical veu docemente a min, dado que lembrara as miñas precaucións. Retorcínme e, con esforzos espasmódicos, tentei abri-la tapa: non se movía. Palpei os meus pulsos buscando a corda da campá: non a atopei. E así o meu consolo fuxiu para sempre, e unha desesperación aínda máis severa reinou triunfante, xa que non puideron evitar decatarme da ausencia dos coxíns que tan coidadosamente preparara; e despois, tamén de súpeto, chegou ó meu nariz o peculiar e forte olor da terra húmida. A conclusión era inevitable. Non estaba na cripta. Caera en tronso mentres estaba fóra da casa, entre descoñecidos <sup>3</sup>/<sub>4</sub> non podía recordar cando e cómo<sup>3</sup>/<sub>4</sub> e foran eles os que me soterraran coma un can, pechado con cravos nun ataúde común, e arroxado baixo terra, baixo terra e para sempre, nunha tumba común e anónima.

Cando esta espantosa convicción se abriu paso con forza ata o recuncho máis íntimo da miña alma, tentei berrar de novo. E neste segundo intento tiven éxito. Un longo, salvaxe e continuo berro ou alarido de agonía resoou entre os reinos da noite subterránea.

<sup>3</sup>/<sub>4</sub> ¡Ei!, ¡ei!, ¿quen hai aí? <sup>3</sup>/<sub>4</sub> dixo unha voz rouca en resposta.

<sup>3</sup>/<sub>4</sub> ¿Que diaños ocorre agora? <sup>3</sup>/<sub>4</sub> dixo unha segunda.

<sup>3</sup>/<sub>4</sub> ¡Sae de aí! <sup>3</sup>/<sub>4</sub> dixo unha terceira.

<sup>3</sup>/<sub>4</sub> ¿Que fai berrando dese xeito, coma un gato montés? <sup>3</sup>/<sub>4</sub> dixo unha cuarta.

E entón uns individuos de aspecto moi rudo colléronme e sacudíronme sen contemplacións. Non me espertaron do meu soño, pois xa estaba ben esperto cando berrara, senón que devolveron a plena posesión da miña memoria.

Esta aventura ocorreu preto de Richmond, en Virxinia. Acompañado por un amigo, internárame, nunha expedición de caza, algúns quilómetros pola beira do río James abaixo. A noite caeu, e fomos sorprendidos por unha tormenta. A cabina dunha pequena chalupa ancorada na corrente e cargada de terra vexetal ofrecéuno-lo único abeiro dispoñible.

Sacámoslle o mellor proveito posible e pasámo-la noite a bordo. Eu durmín nunha das dúas únicas liteiras da embarcación; e coido que non fai falla describi-las liteiras dunha chalupa de sesenta ou setenta toneladas. A que eu ocupaba non tiña roupa de cama. Tiña corenta e cinco centímetros de ancho. A distancia dende o fondo á cuberta era exactamente a mesma. Resultoume sumamente difícil meterme nela. Pese e todo, durmín profundamente; e toda a miña visión <sup>3</sup>/<sub>4</sub> xa que non era nin un soño nin un pesadelo<sup>3</sup>/<sub>4</sub>, producírase naturalmente por mor da miña posición, pola habitual propensión dos meus pensamentos e pola dificultade, á que xa aludín, de controla-los meus sentidos e especialmente recobra-la memoria durante un bo anaco despois de espertar do sono. Os homes que me sacudiran eran os tripulantes da chalupa e algúns xornaleiros contratados para descargala. O cheiro a terra procedía da carga mesma. A vendaxe da queixada

era un pano de seda que me atara á cabeza, a falta do meu acostumado gorro de durmir.

Con todo, as torturas sufridas naqueles momentos foran indubidablemente iguais ás dun verdadeiro enterro. Eran dun horror espantoso, inconcibible; pero do mal procede o ben, pois o seu propio exceso provocou no meu espírito unha reacción inevitable. A miña alma adquiriu vigor, tempero. Marchei ó estranxeiro. Fixen moito exercicio. Respirei o aire puro do ceo. Pensei en cousas que non fosen a Morte. Renunciei ós libros médicos. Queimei o libro de Buchan. Non lin máis "Pensamentos nocturnos", nin grandilocuencias sobre cemiterios, nin contos de medo, coma este. En pouco tempo convertínme nun home novo e vivín a vida propia dun home. Dende aquela noite memorable rexeitei para sempre as miñas apreensións sepulcrais e con elas esvaeu o trastorno cataléptico que, se cadra, fora menos a consecuencia cá causa.

Hai momentos en que, mesmo para o ollo sereno da razón, o mundo da nosa triste humanidade pode adoptar a aparencia dun inferno, pero a imaxinación do home non é Caratis, para explorar con impunidade tódalas súas cavernas. ¡Ai!, a lúgubre lexión de terrores sepulcrais non se pode considerar completamente imaxinaria mais, coma os demos cos que Afrasiab fixo a súa viaxe polo Oxus, teñen que durmir ou nos devorarán... temos que deixalos durmir, ou pereceremos.